

**REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE
NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA
CORPORACIÓN DA RTVG**

Día: 23.03.2018 Hora: 10:30

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 23 de marzo de 2018, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia en Comisión

- 1.1 27737 (10/CPC-000043)
Grupo Parlamentario de En Marea
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Do director xeral da CRTVG, por petición do G. P. de En Marea, do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para que informe sobre o presunto acoso realizado a una actriz polo director dun programa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 276, do 14.03.2018

Punto 2. Preguntas orais en Comisión

- 2.1 27557 (10/POC-004455)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o tratamento informativo dado pola televisión pública de Galicia á publicación do libro titulado "Un pazo. Un caudillo. Un espolio, arredor do Pazo de Meirás "
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 277, do 15.03.2018
- 2.2 26022 (10/POC-004254)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Vázquez Verao, Paula
Sobre a incidencia na visibilidade e audibilidade das mulleres nos medios de comunicación públicos de Galicia da entrada en vigor do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, así como as actuacións levadas a cabo pola CRTVG ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018

- 2.3 26704 (10/POC-004345)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre o novo cadro de persoal aprobado polos órganos reitores da CRTVG
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 268, do 28.02.2018
- 2.4 27592 (10/POC-004460)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis
Sobre a relación de producións audiovisuais da CRTVG cuxos dereitos de emisión foron mercados recentemente por outras televisións nacionais e internacionais, así como as previsións da compañía referidas ao establecemento de novas colaboracións con outras televisións en materia de produción de películas, series ou documentais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 277, do 15.03.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2018

Aurelio Alfonso Núñez Centeno

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno, na data 19/03/2018

13:45:52

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Vicepresidenta	
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Secretaria	
Paula Vázquez Verao	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Noela Blanco Rodríguez	S
Jaime Castiñeira Broz	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
María Guadalupe Murillo Solís	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Moisés Rodríguez Pérez	P

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 23.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia en Comisión

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 23.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 27737(10/CPC-000043)

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do director xeral da CRTVG, por petición do G. P. de En Marea, do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para que informe sobre o presunto acoso realizado a una actriz polo director dun programa

Publicación da iniciativa, 276, 14.03.2018

Á Mesa do Parlamento

Os grupos parlamentarios de En Marea, os Socialistas de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego, a través dos seus portavoces, e ao abeiro do disposto nos artigos 44 e 98 do Regulamento da Cámara, solicitan a esa mesa se proceda á tramitación urxente da comparecencia en comisión do director xeral da CRTVG, para que informe sobre o presunto acoso realizado polo director do programa *Con amor e compañía*, a unha actriz que denunciou os feitos ante o Xulgado de Garda número 3 de Santiago, segundo reflicte un medio de comunicación.

Pazo do Parlamento, 12 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 12/03/2018 16:28:15

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/03/2018 16:31:11

Ana Pontón Mondelo na data 12/03/2018 16:41:29

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 23.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 23.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 27557(10/POC-004455)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o tratamento informativo dado pola televisión pública de Galicia á publicación do libro titulado "Un pazo. Un caudillo. Un espolio, arredor do Pazo de Meirás"

Publicación da iniciativa, 277, 15.03.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 11:30
Nº Rexistro: 27557
Data envío: 08/03/2018 11:30:28.611

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de seguimento da CRTVG**, sobre o libro *Un pazo. Un caudillo. Un expolio, arredor do Pazo de Meirás*.

O pasado ano 2017 Carlos Babío e Manuel López Prieto publicaron, a través da Fundación Galiza Sempre, un extenso estudo histórico arredor do Pazo de Meirás. Un libro que resultou dunha importante investigación académica e histórica achegando novos datos sobre o espolio ao pobo galego levado a cabo pola ditadura fascista coa connivencia da elite económica coruñesa.

Este libro despertou un importante interese mediático, mesmo alén de Galiza, e os seus autores foron entrevistados, entre outras, na TV3 e ETB. En boa medida, ese interese veu tamén motivado polos acontecementos sociais e políticos arredor deste botín de guerra que se mantén en mans da familia do ditador.

Porén, non causou, semella, interese na televisión pública de Galiza.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de seguimento da CRTVG:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 11:30
Nº Rexistro: 27557
Data envío: 08/03/2018 11:30:28.611

Non resulta de interese para a televisión pública galega a publicación dun libro que achega novas informacións e unha importante investigación académica e histórica arredor do Pazo de Meirás?

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/03/2018 11:29:56

María Montserrat Prado Cores na data 08/03/2018 11:30:02

Ana Pontón Mondelo na data 08/03/2018 11:30:03

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/03/2018 11:30:05



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 11:30
Nº Rexistro: 27557

Data envío: 08/03/2018 11:30:28.611

Noa Presas Bergantiños na data 08/03/2018 11:30:06

Xosé Luis Bará Torres na data 08/03/2018 11:30:07

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 23.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 26022(10/POC-004254)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Vázquez Verao, Paula

Sobre a incidencia na visibilidade e audibilidade das
mulleres nos medios de comunicación públicos de Galicia da
entrada en vigor do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de
febreiro, polo que se aproba o texto refundido das
disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en
materia de igualdade, así como as actuacións levadas a cabo
pola CRTVG ao respecto

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Vázquez Verao, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no Artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta oral en COMISIÓN, a prol da igualdade de oportunidades na CRTVG.

No Decreto 2/2015, publicado no DOG nº 32, de 17 de febreiro de 2016, capítulo III, artigo 13, fálase do Fomento da Igualdade nos medios de comunicación. A Xunta de Galicia, a través dos medios de comunicación de titularidade autonómica e a través daqueles nos que participe ou subvencione, garantirá, condicionando a efectividade desta subvención e sen vulnerar a liberdade de expresión e información, a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das funcións das mulleres e homes na sociedade.

Malia os cambios normativos, os medios de comunicación seguen presentando unha imaxe das mulleres altamente estereotipada. Defender que os contidos mediáticos non maltraten, degraden ou presenten como inferiores ás mulleres e que proxecten unha imaxe de mulleres e homes acorde coa realidade social, debера ser un obxectivo prioritario do medio público de comunicación de Galicia para un uso non sexista da Publicidade e da Comunicación na nosa Comunidade.

Consideramos necesario promover os dereitos da muller na vida cultural, socio-económica e política como factor determinante para eliminar a desigualdade que vén sufrindo a muller en todos os ámbitos. A marxinação que impide desenvolver o potencial e dificulta a súa participación en funcións de dirección (o “teito de cristal”); oportunidades restrinxidas na formación continua, o desenvolvemento en relación ao traballo; as pésimas condicións de traballo (como o traballo a tempo parcial, contractual, o carácter informal, etc.)



Por todo o exposto as deputadas asinantes presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG:

-En canto e como aumentou a visibilidade e a audibilidade das mulleres desde que entrou en vigor o decreto?

-Avaliaron e/ou corrixiron esta visibilidade e audibilidade?

-Fixeron algunha campaña na CRTVG sobre a importancia e a necesidade da participación social e política das mulleres?

-Está equilibrada a participación entre mulleres e homes nos órganos de representación, xestión e consulta na CRTVG?

-Adoptaron, mediante autorregulación, códigos de boas prácticas tendentes a transmitir o contido dos valores constitucionais sobre a igualdade entre homes e mulleres?

-Empregan linguaxes ou imaxes non sexistas, especialmente no ámbito da publicidade?

-Cantos programas están realizados por e para mulleres, onde se canalicen os intereses reais das mulleres de xeito acaído?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Vázquez Verao

Deputadas do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26022
Data envío: 12/02/2018 14:03:18.749

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/02/2018 13:00:34

Paula Vázquez Verao na data 12/02/2018 13:00:41

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 23.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 26704(10/POC-004345)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre o novo cadro de persoal aprobado polos órganos reitores
da CRTVG

Publicación da iniciativa, 268, 28.02.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG.

O pasado día 31 de xaneiro foi aprobado polos órganos reitores da Corporación de RTVG unha importante modificación do seu cadro de persoal, xustificada pola dirección na necesidade de adaptación á nova realidade xurídica que supuxo a conversión en Corporación, e na obriga de darlle cabida aos traballadores indefinidos non fixos con sentenza xudicial firme.

O cadro de persoal aprobado contempla a creación ou recoñecemento de 123 prazas e a amortización de 75.

Entre as singularidades deste novo cadro de persoal figura a creación de 20 prazas de operador montador de vídeo, unha categoría profesional que, segundo temos entendido, desaparecerá ou sufrirá grandes cambios coa dixitalización en marcha así como a amortización de 3 asesores lingüísticos.

Segundo se ten denunciado polos representantes dos traballadores, produciuse unha aprobación “express” sen ter negociado con eses representantes; ademais, tamén se denuncia que ese novo cadro se probou a pesar de que contén erros.

Ante esta situación o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera que o novo cadro de persoal aprobado foi obxecto de negociación suficiente cos representantes dos traballadores?

2ª) Existen casos de traballadores con sentenza firme cuxos postos non figuran no cadro de persoal aprobado, de ser así, que solución ten pensado arbitrar para resolver eses casos?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26704
Data envío: 21/02/2018 19:20:37.018



Grupo Parlamentario

3ª) Responde este cadro de persoal ás necesidades que terá a CRTVG unha vez que remate o proceso de dixitalización, é dicir, fíxose unha análise de cales serán as necesidades nese momento ou, haberá que convocar algún tipo de concurso para a cobertura das prazas necesarias para dotar os postos derivados da nova tecnoloxía e para substituír os traballadores que se xubilen ao longo deste período?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/02/2018 19:19:19

Noela Blanco Rodríguez na data 21/02/2018 19:19:26

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 23.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 27592(10/POC-004460)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre a relación de producións audiovisuais da CRTVG cuxos dereitos de emisión foron mercados recentemente por outras televisións nacionais e internacionais, así como as previsións da compañía referidas ao establecemento de novas colaboracións con outras televisións en materia de produción de películas, series ou documentais

Publicación da iniciativa, 277, 15.03.2018



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27592
Data envío: 08/03/2018 14:35:58.881

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Aurelio Núñez Centeno, Guadalupe Murillo Solís, María Antón Vilasánchez, Silvestre Balseiros Guinarte, Jaime Castiñeira Broz e Moisés Rodríguez Pérez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG.

As producións realizadas pola CRTVG, nomeadamente no que á ficción se refire, están a experimentar un importante respaldo por parte da audiencia.

Exemplos disto son as veteranas 'Serramoura' ou 'Pazo de familia' pero tamén outras máis recentes que son incluso resultado da colaboración con outras televisións nacionais ou estranxeiras. É o caso de 'O final do camiño', coproducida pola TVG e TVE, ou "Vidago Palace", primeira coprodución da Televisión de Galicia e a Radio Televisión de Portugal (RTP).

O seguimento logrado por estas series avala a súa calidade pero tamén a capacidade competitiva dos produtos da CRTVG máis alá das nosas fronteiras pois, de feito, son moitas as producións con selo galego que despertaron o interese doutras televisións, que adquiriron os seus dereitos para poder emitilas. As xa mencionadas 'Serramoura' ou 'Vidago Palace', xunto cos 'Bolechas' ou 'Terra de Miranda', entre outras, atópanse entre elas.

En relación con este asunto, o Grupo Parlamentario Popular formula as seguintes preguntas:

- 1.- Que producións audiovisuais da CRTVG foron recentemente obxecto de interese para a súa adquisición por parte doutras televisións, tanto no ámbito nacional como internacional?
- 2.- Ten previsto a CRTVG establecer novas colaboracións, no que a produción de películas, series ou documentais se refire, con outras televisións?

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 08/03/2018 14:34:27

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27592
Data envío: 08/03/2018 14:35:58.881**

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 08/03/2018 14:34:37

María Guadalupe Murillo Solís na data 08/03/2018 14:34:42

Maria Antón Vilasánchez na data 08/03/2018 14:34:47

Silvestre Balseiros Guinarte na data 08/03/2018 14:35:21

Jaime Castiñeira Broz na data 08/03/2018 14:35:26

Moisés Rodríguez Pérez na data 08/03/2018 14:35:32

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com